

PLAN DE CONVIVENCIA

CURSO 2025-2026



Índice

0 XUSTIFICACIÓN	2
1 ANÁLISE DA REALIDADE	4
A) Descrición do centro	
B) Características do alumnado e as familias	
2 OBXECTIVOS	5
3 ACTIVIDADES E COMPORTAMENTOS	5
3.1 Para o profesorado	
3.2 Para as familias	
3.3 Para o alumnado	
4 NORMAS DE CONVIVENCIA	9
5 ALTERACIÓN DA CONVIVENCIA E PROCEDEMENTO SANCIONADOR	10
6 FALTAS DE DISCIPLINA E CORRECCIÓNS. CLASIFICACIÓN	14
7 SEGUIMIENTO DO PLAN DE CONVIVENCIA	14
8 AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	16
9 CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	17
10 MEDIACIÓN	24

ANEXOS

I RELACIÓN DE PROTOCOLOS. XUNTA	24
II CADRO RESUMO ADVERTENCIAS, FALTAS LEVES E FALTAS GRAVES.....	25
III MAPAS DE ESPAZOS POR CURSOS E CORES	27

0. XUSTIFICACIÓN

O artigo 124 da LOE / LOMCE adicado ás normas de organización, funcionamento e convivencia di que os centros elaborarán un plan de convivencia que recollerá todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, a concreción dos dereitos e os deberes do alumnado e as medidas correctoras aplicables no caso do seu incumprimento consonte a normativa vixente, e a realización de actuacións para a resolución pacífica dos conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación».

O colexio Marista Cristo Rey, elabora o seu Plan de Convivencia inspirándose no DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, e polo que se regulan os dereitos e os deberes do alumnado e a participación e os compromisos das familias no proceso educativo, e se establecen as normas de convivencia e disciplina nos Centros Educativos de Galicia. Dito decreto pide aos centros que elaboren o seu propio Plan de convivencia e establezan as normas que garanten o seu cumprimento, indicando, así mesmo, o procedemento de elaboración, avaliación e o contido mínimo.

O Plan de Convivencia será promovido polo Equipo de Convivencia e presentado ao Consello Escolar; será elaborado coa participación efectiva de todos os sectores da comunidade educativa e incluírase na Programación Xeral Anual do centro. (Decreto 8/2015, Art. 11y 5e)

- O Plan deberá recoller todas as actividades que, a iniciativa do Equipo directivo e do Claustro de Profesores se programen, xa sexa dentro ou fóra do horario lectivo, co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar. (Decreto 8/2015, Art. 13, c)
- Así mesmo, deberán formar parte do Plan de Convivencia o conxunto de Normas de Conduta que sexan de obrigado cumprimento, tanto dentro como fóra das aulas, para que governe o centro un axeitado clima de convivencia. (Decreto 8/2015, Art. 13, f)

O Colexio Marista Cristo Rey enfoca a convivencia no Centro cunha visión construtiva e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos axeitados, á prevención e a resolución dos conflitos. Entendemos, pois, a convivencia e a participación como parte da aprendizaxe; non como unha mera aplicación de medidas disciplinarias. O que non quita que se aborde calquera incidencia que altere a convivencia no Centro, tanto co alumnado implicado como coa súa familia, se procede.

Propoñémonos fomentar os valores democráticos para a convivencia: a tolerancia, a igualdade, a xusticia, a aceptación da diversidade, a resolución dos conflitos de forma pacífica, etc., en todas as etapas.

O colexio configúrase como unha Comunidade Educativa constituída pola entidade titular, o profesorado, as familias do alumnado ou titores legais, o persoal de administración e servizos, o alumnado, os animadores dos grupos Marcha, Scouts e solidariedade, os monitores deportivos e dcomedor así como outras persoas que participan na misión educativa do centro.

Esta configuración como comunidade educativa maniféstase, sobre todo, na aceptación e respecto recíproco dos dereitos de cada un dos seus membros, no cumprimento das obrigacións respectivas, na comunión dos obxectivos e os criterios, no traballo conxunto e na participación corresponsable de todos os estamentos na vida do Centro, segundo se establece no Regulamento do Réxime Interior.

1. ANÁLISE DA REALIDADE

a) Descrición do Centro

O Colexio Marista Cristo Rey é un Centro concertado na ESO e FP, e privado no Bacharelato de inspiración cristiá, creado dacordo co dereito recollido no artigo 27.6 da Constitución Española, desenvolto polo artigo 21 e ss. da LODE e a lexislación posterior.

O Centro está ubicado na cidade da Coruña, Elviña 149, 15009 A Coruña, no barrio de Elviña; nun predio de 26.500 m², con amplos espazos de patios, campos de deporte e un pequeno xardín arbolado. Consta de 3 pavillóns de aulas e 1 edificio de servizos comúns. Acolle alumnado de ambos sexos con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos. Dispón de servizo de comedor, transporte escolar e actividades. Está inscrito no Rexistro de Centros da Administración educativa co código 15004101, e goza da personalidade xurídica que lle otorgan as leis. Imparte os seguintes niveis:

- Educación Secundaria Obligatoria
- CFGM (Planta Química)
- Bacharelato

A propiedade e a Titularidade do centro é da FUNDACIÓN MARISTAS COMPOSTELA, pertencente ao Instituto dos Irmáns Maristas de la Enseñanza-Provincia Compostela. O seu representante legal é o Irmán Provincial, con residencia na Avenida de Madrid 66, 47008 Valladolid. O Centro está sostido economicamente polas aportacións voluntarias que abonan as familias pola ensinanza nos niveis concertados e polas contías que abonan nas etapas do réxime privado.

O proxecto educativo do Colexio Cristo Rey, baseado nos principios educativos de San Marcelino Champagnat, ten como obxectivo fundamental a formación integral do alumnado, desdeo punto de vista humano e cristián. Está centrado no alumnado como protagonistas da súa formación, a quen a Comunidade Educativa acompaña no seu crecemento como persoas, axudándolles a desenvolver as súas capacidades e a ser bos cristiáns e honrados cidadáns; favorecendo así a súa integración na sociedade.

b) Características do alumnado e as familias.

O Colexio Marista Cristo Rey está aberto a todas as familias e alumnado que aceptan o noso proxecto educativo e normas de organización, sen distinción de raza, sexo, relixión ou condición social. O noso alumnado procede na súa maioría do Colexio Jesuitinas (Hijas de Jesús), o noso centro adscrito.

A maioría do alumnado ten gran interese na súa formación, son aplicados, respectuosos e colaboran cos profesores e compañeiros no desenvolvemento das distintas actividades. O seu rendemento académico pódese situar nun nivel medio ou medio-alto, e ten expectativas elevadas sobre o tipo de estudos que desexa realizar.

O entorno humano e social das familias que actualmente integran o Colexio está caracterizado polo dominio das clases medias cunha gran sensibilidade e preocupación pola educación dos seus fillos. A ocupación laboral das familias na actualidade oriéntase maioritariamente a traballos de xerencia pública e privada, sanidade e sector servicios. O nivel económico podería ser descrito como medio, sendo habitual que ambos proxenitores traballen.

En canto ao nivel de formación das familias, poderíase cualificar de media-alta, xa que gran parte das familias teñen estudos universitarios ou semellantes. As familias valoran positivamente o labor educativo do Colexio, e se dá, en xeral, unha relación de confianza e colaboración.

Por outra parte, as familias cada vez son máis esixentes cos seus fillos e co colexio. Pídenos seus fillos mellores notas, maior coñecemento, un comportamento excelente...e esixen ao colexio competencias que tamén corresponden ao ámbito familiar (coidado e atención, ensinara comer e vestir, velar polo estudo e a realización dos deberes, normas cívicas, etc.)

2. OBXECTIVOS

Para desenvolver o Art. 124 de la LOE, a Xunta de Galicia elaborou o Decreto 8/2015, coa intención de mellorar as actitudes de convivencia no alumnado, profesorado e familias; para conseguir o axeitado clima de traballo nos centros educativos, o respecto do alumnado á institución escolar e o profesorado, a cooperación mutua; o cumprimento por parte das familias da súa responsabilidade e colaboración co centro na educación dos fillos. Así como o respecto ás leis e institucións como base da convivencia democrática.

Ademais, hoxe consideramos necesario fomentar a aprendizaxe na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social; a igualdade efectiva entrehomes e mulleres, e a prevención da violencia de xénero; e todo o que fomente o interese e o compromiso polo progreso e a mellora da sociedade democrática.

O noso centro propónse os seguintes obxectivos e actividades consonte co Proxecto

educativo.

1. Fomentar a convivencia no centro.
2. Concienciar e sensibilizar a Comunidade Educativa da importancia de xerar un bo ambiente e una axeitada convivencia escolar.
3. Facilitar á Comunidade Educativa recursos para a prevención, detección e resolución pacífica de **conflictos**.
4. Prever o acoso entre iguais.
5. Desenvolver protocolos para a intervención ante conflitos de convivencia e acoso escolar.
6. Formar a toda a comunidade educativa nos valores humanos, cristiáns e maristas que nos conducirán ao respecto á dignidade da persoa, á boa convivencia e á liberdade responsable.

3. ACTIVIDADES E COMPORTEMENTOS

3.1. Para o profesorado.

- Intervención inmediata ante calquera incumprimento das normas de conduta. (Decreto 8/2015).
- Atención axeitada ao alumnado con dificultades académicas e condutuales. (Plan de atención á diversidade)
- Poñer en práctica as actuacións para a Prevención e detección do acoso escolar ou maltrato entre iguais. (Plan de Convivencia: pág. 30-32).
- Actividades de formación para a implementación do Plan de Acción Tutorial: (PAT).
- Ferramentas para favorecer un axeitado clima de convivencia e ambiente colexial.
- Ferramentas para a prevención e actuación ante problemas cotiás de convivencia....
- Cumprir e implementar as normas de funcionamento cotiá do centro. (Plan de Convivencia).
- Participar nas actividades de formación impartidas por entidades externas especialistas na convivencia. (Equipo de convivencia)
- Respetar as horas de titoría grupal.
- Reunións co equipo de convivencia.
- Seguir as pautas do enlace de Protección á infancia.
- Prever condutas disruptivas: actuar con comprensión, pero con suficiente firmeza e esixencia para reducir ou evitar estas condutas disruptivas: retrasos, falar, distraccións, desobediencia, vocabulario, respostas, reaccións...
- Aproveitar as circunstancias oportunas para formar nas actitudes democráticas.
- Coñecer ao alumnado e as súas circunstancias. Que se sintan queridos e valorados polos seus profesores.
- Cortar de inmediato calquera palabra ou xesto que amose desigualdade ou violencia de xénero.
- Coñecer os protocolos de actuación ante conflitos de convivencia e acoso.
- Manter comunicación habitual coas familias ou titores do alumnado: convocalos a reunións e entrevistas periódicas, así como atender as comunicacións que soliciten as familias.
- Falar co alumnado periodicamente en entrevista formal ou encontros informais breves.

- Atención individualizada do titor ao seu alumnado, especialmente aos novos, os máis vulnerables, os que estean pasado por momentos vitais difíciles... (PAT).
- Participar nas actividades extraescolares do noso alumnado (coñecemento, confianza...): deportes, convivencias, campamentos, olimpíadas, concursos, solidariedade...
- Recibir formación como profesorado para atender máis eficazmente ao alumnado e tratar casos especiais...

3.2. Para as familias

- Recibir información do proceso de aprendizaxe e integración social dos seus fillos: reunións xerais e por cursos, informacións da Dirección xeral, da Coordinación dos Titores e Profesorado.
- Comunicación habitual co centro: asistir ás reunións e entrevistas cos titores e profesorado ás que sexan convocados ou que as propias familias as soliciten.
- Aceptar aos fillos como son e promover a súa autoestima e espírito de superación.
- Dar pautas aos fillos para unha boa convivencia, para respectar e acoller a (todas e todos) o alumnado de todas as condicións sociais, razas, relixións...
- Respectar a autoridade do profesorado e do centro diante dos fillos. Axudalos a cumprir as medidas correctivas.
- Procurar que os fillos cheguen puntuais ás clases, incluídas as actividades extraescolares.
- Participar nas actividades colexiais: eucaristías da Comunidade Educativa, festas, graduación e efemérides do colexio ou da Familia Marista.
- Participar nas actividades de formación impartidas polo persoal do centro ou polas entidades externas.
- Coñecer os protocolos de actuación ante conflitos de convivencia e acoso.
- Informarse da normativa de funcionamento cotiá do profesorado e alumnado. (Plan de Convivencia).
- Informarse da normativa de funcionamento cotiá das familias no colexio e cumprila. (Plan de Convivencia).
- Participar nas actividades de ocio e tempo libre, deporte, cultura, solidariedade... do alumnado ás que sexan convidados.
- Asinar o documento "Compromisos Educativos Colexio-Familia". (proceso de admisión do alumnado).
- Coidar un bo clima de convivencia entre os educadores.

3.3. Para o alumnado.

1. Nas relacións co profesorado

- Amosarlles respecto, obediencia, gratitude, confianza, colaboración...
- Practicar as normas de cortesía: saudar, pedir por favor, agradecer, desculpase, perdoar...

2. Nas relacións cos compañeiros:

- Practicar as normas de cortesía: saudar, pedir por favor, agradecer, desculpase,

perdoar...

- Evitar ou reducir os comportamentos que dificultan a convivencia.
- Manifestarse dacordo aos valores cristiáns: caridade, respecto, compartir, axudar, ter empatía...
- Aceptar aos compañeiros como son; non consentir a discriminación.
- Non acosar nin permitir o acoso: nin verbal, nin físico, nin por redes sociais.
- Non ao silencio cómplice ante situacións inxustas.
- Coñecer os protocolos de actuación ante conflitos de convivencia e acoso.
- Practicar os deportes con nobreza e deportividade...
- Non traer ao colexio os problemas da fin de semana.
- Resolución pacífica dos posibles conflitos.
- Consumo responsable.
- Coidado do medio ambiente e dos espazos comúns.

3. Nas actividades académicas

- Reducir ou evitar condutas disruptivas: retrasos, falar, distraccións, desobediencias, vocabulario, respostas...
- Reducir ou evitar incidencias: Non copiar a tarefa, non asinar a axenda, non facer a tarefa, esquecer o material, non cumprir castigos, facer o vago...

4. Nas actividades do EAL:

- Actividades do Plan de Espiritualidade: participar nas convivencias titoriais, actividades desolidariedade, celebracións, campañas...

5. Sesións de titoría grupal, actividades do Plan de Acción Titorial (PAT) que buscan:

- Favorecer a acollida de todo o alumnado.
- Potenciar a unidade do grupo-clase.
- Desenvolver valores e habilidades persoais que favorecen a convivencia.
- Desenvolver os valores cristiáns e o carisma marista.
- Desenvolver a resolución pacífica dos conflitos.
- Favorecer a sensibilización ante situacións sociais próximas e lonxanas.
- Dar a coñecer a normativa de convivencia e de boa presenza. (Plan Convivencia).
- Facilitar ferramentas de protección ante os perigos TIC. (PAT).
- Favorecer a prevención de conflitos de convivencia. (PAT).
- Detectar precozmente conflitos escolares. (PAT).
- Prever factores de risco que interfiren cunha axeitada convivencia. (PAT).

6. Actividades impartidas por axentes externos (Policía, Profesionais, Xunta,...)

- Educación para a sexualidade e a afectividade.
- Educación vial: cruzar polos pasos de peóns, levar posto o cinturón no coche.
- Perigos de internet, ciberacoso.
- Igualdade de trato e contra a violencia de xénero.
- Condutas de risco e comportamentos prexudiciais para a saúde.

4 NORMAS DE CONVIVENCIA

- O Decreto 8/2015 di que será o propio centro escolar quen, no exercicio da autonomía que lle confire a Lei vixente e dacordo coas características do seu alumnado, estableza as súas Normas de Convivencia propias. (Art. 19.1)
- As Normas de Convivencia, que serán de obrigado cumprimento para todo o alumnado do centro, deberán ser elaboradas polo equipo directivo do centro, informadas polo Claustro de Profesores e aprobadas polo Consello Escolar. (Art. 11.3 del D.8/2015). Así mesmo, procurarase a participación efectividade todos os sectores da comunidade educativa.(Art.16.2).
- Corresponden a todo o alumnado os dereitos e deberes regulados na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación. (Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Disp. Final 1ª,3. BOE de 4 de xuño de 2006 e Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro). As presentes normas de conduta inclúen estes dereitos e deberes.
- Ditas Normas responderán á necesidade de manter, tanto dentro das aulas como no resto do recinto escolar, un clima axeitado á tarefa formativa propia do centro. (Art. 19. 2).

Ao inicio do curso, e cando sexa necesario, o equipo de convivencia recordará ao profesorado e ás familias os detalles prácticos de comportamento nas aulas e organización dos patios, escaleiras, aseos, comedor, vestimenta e imaxe persoal, modais, comportamento nos patios, utilización de lugares comúns, uso dos balóns, retrasos, ausencias, saídas do centro, uso de móbiles, así como a obrigaón de coñecelas, cumprilas e facelas cumprir. O centro poñerá a disposición das familias e do profesorado o plan de convivencia a través da plataforma colexial.

Os titores e calquera membro do profesorado, cando a situación o requira, recordará as normas fundamentais de convivencia e o plan ao alumnado.

As normas de convivencia son de obrigado cumprimento para o profesorado e o alumnado. É importante recordar que o profesorado é parte activa e directa no correcto cumprimento das normas. De nós depende o correcto funcionamento da disciplina e do centro. Ao impoñer sancións temos presente que as mesmas teñen un carácter educativo e corrector. Se a disciplina funciona é por interese e bo facer de todas e todos. O bo exemplo do profesorado é importante tanto cumprindo as normas como desculpándonos cando temos erros.

5 ALTERACIÓN DA CONVIVENCIA E PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Alteran a convivencia do Centro os membros da Comunidade Educativa que, por acción ou omisión, vulneran as normas de convivencia ás que se refiren os artigos do RRI.

Quen alteren a convivencia serán corrixidos conforme aos medios e procedementos que sinalan a lexislación vixente e o Regulamento do Réxime Interior.

Os membros do equipo directivo e o profesorado teñen a consideración de autoridade pública. Nos procedementos de adopción de medidas correctoras, os feitos constatados polo profesorado e membros do equipo directivo do centro terán valor probatorio e desfrutarán de presunción de veracidade agás proba contraria, sen prexuízo das probas que, na defensa dos respectivos dereitos ou intereses, poidan sinalar ou aportar os propios afectados. (RRI).

5.1. Ámbito de aplicación (*Decreto 8/2015, Art. 32, 1 e 2 – Art.33,3*)

Co obxecto de garantir o cumprimento do Plan de Convivencia do centro, corrixiranse, de conformidade co disposto no presente Decreto, os actos contrarios ás normas establecidas no Regulamento do Réxime Interno que realice o alumnado no recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares así como servizos educativos complementarios.

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo recibida por un alumno ou alumna por parte dun, dunha ou de máis iguais, de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 do decreto 8/2015.

Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas. O modelo e o procedemento para trasladar esa información e coordinar as actuacións pertinentes facilitarase de conformidade co establecido no artigo 28.2 do decreto 8/2015.

5.2. Órganos competentes para a adopción de sancións (*Decreto 8/2015, Art.4 y Art.44*)

Todo o profesorado do centro estará involucrado no mantemento dun bo clima de convivencia, e no cumprimento das Normas de Convivencia establecidas. Calquera profesor testemuña dunha infracción das Normas de Convivencia do Centro pode aplicar as sancións ou faltas a calquera alumno do Centro, dando conta ao titor do grupo ou ao coordinador de curso ou de convivencia.

O habitual é que as faltas leves sexan sancionadas polo profesorado, titor do alumno ou o coordinador de convivencia; e as faltas graves polo director do centro ou o xefe de Estudos.

5.3. Criterios para a adopción de sancións (*Decreto 8/2015, Art. 32*).

Na adopción de sancións disciplinarias e de medidas provisionais, deberanse ter en conta os seguintes principios xerais:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e melloreas súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.
- e) diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.
- f) Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.
- g) Garantírselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.
- h) incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.
- i) Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- j) Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo en que estean escolarizado.

5.4.- Gradación das medidas correctoras (*Decreto 8/2015, Art. 34*).

Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 39 e 43 do Decreto 8/2015, Art. 34) tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

Consideraranse circunstancias agravantes (Decreto 8/2015, Art. 38)

- A premeditación e a reiteración.
- uso da violencia, de actitudes ameazadoras, desafiantes ou irrespectuosas, de menosprezo continuado e de acoso dentro ou fóra do centro.
- Causar dano, inxuria ou ofensa a compañeiros de menor idade ou recién incorporados ao centro ou con algunha deficiencia coñecida.
- As condutas que atenten contra o dereito a non ser discriminado por razón de nacemento, raza, sexo, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por padecer discapacidade física ou psíquica, ou porcalquera outra condición persoal ou circunstancia social.
- Os actos realizados en grupo que atenten contra os dereitos de calquera membro da comunidade educativa.
- A publicidade das condutas contrarias ás normas de conduta.
- Dar unha versión falsa ou incompleta dos feitos ao ser preguntado.
- Levar prendas que dificultan ou impiden a identificación.
- Aproveitar o tempo de uso didáctico de dispositivos electrónicos para outros usos.
- Aquelas outras que estableza a lexislación vixente.

5.5.-Procedemento sancionador Ordinario

Ámbito de aplicación: (Decreto 8/2015, Art. 6)

O procedemento ordinario é o que se aplicará con carácter xeral respecto das advertencias, faltas leves, así como as graves cando, por resultar evidentes a autoría e os feitos cometidos, sexa innecesario o esclarecemento dos mesmos.

Tramitación do procedemento ordinario (Decreto 8/2015, Art. 44)

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas no decreto 8/2015.
- b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto.
- c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto.
- d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43

deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

5.6.- Procedemento sancionador especial (Decreto 8/2015, Cap. IV Art. 46 e seguintes)

Ámbito de aplicación (Decreto 8/2015, Art. 46)

O procedemento especial é o que, con carácter xeral, seguirase no caso das faltas graves.

• Tramitación do procedemento extraordinario (Decreto 8/2015, Art. 48)

- a) O director incoará o expediente; designará un instrutor e pode adoptar medidas provisionáis.
- b) O instrutor notifica ao alumnado e a súa familia os cargos e posibles sancións.
- c) O instrutor eleva ao director a proposta de resolución do expediente e a sanción.
- d) O director adopta a resolución definitiva e a comunica ao alumno e a súa familia, Consello Escolar, etc.
- e) Reclamacións: as sancións poden ser recurridas ante o Director da Área Territorial.

Notas: cada un destes pasos e as súas citacións, notificacións e posibles alegacións están suxeitos a prazos e formalidades segundo veñen descritas no Decreto 8/2015.

Igualmente hai prazos de reclamacións e de prescrición. (Decreto 8/2015, Art.48).

6. FALTAS DE DISCIPLINA E CORRECCIÓNS. CLASIFICACIÓN.

Consideraranse faltas de disciplina aquelas condutas que infrinxan as normas de convivencia do centro. As faltas clasifícanse en leves, (Art. 33) e graves (Art. 33). A tipificación das mesmas, así como das sancións correspondentes, deberá figurar no Regulamento do Réximen Interior do centro e seguirase o disposto no Decreto. (D.8/2015).

7. SEGUIMENTO DO PLAN DE CONVIVENCIA

7.1. Publicidade

O Plan de convivencia, e as Normas de Conduta, unha vez aprobado, deberá poñerse en coñecemento do alumnado e as familias ou titores do alumnado. Ditas Normas responderán á necesidade de manter, tanto dentro das aulas como no resto do recinto escolar, un clima axeitado á tarefa formativa propia do centro. (*Decreto 8/2015, Art. 11 e 17.1*).

- Inluílas no Regulamento de Réximen Interior.
- Inluílas na redacción do PXA.
- Publicarase na web do centro.
- Promoverase o seu coñecemento entre o profesorado.
- Promoverase o seu coñecemento polo alumnado, será obxecto de titorías.
- Informarase ao alumnado que solicita praza no centro.

7.2. Implicación do profesorado

O claustro, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 129 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións:

- a) Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- b) Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- c) Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacíficamente de conflitos.

7.3. Ao equipo directivo do centro correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas

do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída.

- b) Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

7.4. A dirección,

A dirección, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións en materia de convivencia:

- a) Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- b) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- c) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.
- d) De conformidade co artigo 132. f) da Lei orgánica 2/2006, correspóndelle á dirección a imposición das medidas correctoras, sen prexuízo do establecido no artigo 44 deste decreto, consonte o artigo 26 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

7.5. Xefatura de estudos

Á xefatura de estudos correspóndenlle as seguintes funcións, en materia de convivencia:

- a) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.
- b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade do centro.
- c) Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.
- d) Organizar a atención educativa do alumnado a que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro

7.6. Implicación das familias ou titores do alumnado

- a) Coñecer o Plan de Convivencia e as Normas de Conduta.
- b) Implicarse no cumprimento das actividades descritas nos obxectivos do Plan de Convivencia.
- c) Manter a autoridade do profesor: respectar ao profesorado e facelos respectar polos seus fillos.
- d) Colaborar cos seus fillos no cumprimento das sancións impostas.
- e) Manterse en contacto (web, axenda, teléfono, correo, entrevistas...) e en sintonía co centro.
- f) Seguir as pautas que lle indique o profesorado / titor / Equipo de orientación.
- g) Acudir ao centro cando o estimen oportuno ou sexa solicitada a súa presenza.

7.7. Implicación do alumnado

- a) Os delegados de clase colaborarán cos seus compañeiros e co profesorado para que todas e todos coñezan e cumbran as normas de conduta e facilitar así a boa convivencia e o proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- b) Coñecer e cumprir os obxectivos e actividades propostos neste Plan para mellorar a Convivencia.
- c) Participación activa para lograr a boa convivencia na súa clase e no centro.
- d) Cada clase co seu titor pode priorizar algúns obxectivos e actividades para o curso.

8. AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Este Plan de Convivencia será avaliado polo Coordinador de convivencia, o Equipo directivo eo Claustro ao final de cada curso; as conclusións quedarán reflectidas nas actas respectivas.

Para todo o non especificado neste documento seguirase o que di Decreto 08/2015 de 8 de xaneiro, da Consellaría de Educación e a lexislación vixente.

9 CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

NORMAS DE CONVIVENCIA

1. Tempo de recreo

Zonas por cursos:

Dada a amplitude das instalacións do centro, os diferentes cursos compartirán os espazos colexiais sendo en consecuencia de uso común os seguintes:

- Campo de fútbol, pista de atletismo e gradas.
- Pistas de fútbol sala e baloncesto así como o camiño que as rodea.
- Zona do aparcadoiro situada entre as pistas de xogo.
- Zona do aparcadoiro situada no lateral do Polideportivo incluídas as escaleiras.

En todo caso, establécense as seguintes zonas específicas para cada curso:

- 1ºESO: o seu patio cuberto. O interior do seu pavillón en caso de choiva. A zona dos seus baños xunto coa mesa de ping pong.
- 2ºESO: o seu patio cuberto. O interior do seu pavillón en caso de choiva.
- 3º ESO: o seu patio cuberto.
- 4º-1ºBach: o seu patio cuberto. O interior do seu pavillón en caso de choiva.
- 2ºBach: o seu espazo interior. Patio exterior fronte ao “Chalecito”.
- FP: O seu espazo interior, e o patio exterior fronte ao “Chalecito”.

Zonas de paso. Non se pode permanecer nelas.

- Entrada inferior ás pistas do polideportivo.
- Accesos ao comedor. Ponte que vai cara ao polideportivo.
- Planta baixa. Agás zona permitida para 2ºBacharelato.
- Camiño exterior situado entre pavillón de 1ºBacharelato e pavillón de 2ºBacharelato.

Zonas nas que non se pode estar.

- Interior do edificio: Aulas, corredores e escaleiras que acceden ás aulas...
- Zona de entrada ao colexio.
- Comunidade de Irmáns Maristas.
- Xardín dos Irmáns, parte traseira e lateral da casa dos Irmáns
- Parte traseira do Pavillón de 1º-2º-Bacharelato e parte traseira do “chalecito”.

O alumnado de 1º de Bacharelato poderá permanecer sentado nas entradas ao polideportivo,

tantofrontais como lateral, sen xogar co balón. Sempre e cando isto non moleste a entrada ou saída da materia de Educación Física. En ningún momento poderán entrar ao polideportivo.

2. Aulas: acceso, estancia e cambios:

- Manter a orde nas subidas e baixadas ás clases. Nas escaleiras circular pola dereita. Evitar taponar accesos.
- Evitar erguerse e, se é imprescindible, pedir permiso para facelo.
- Colocar o material no pupitre, na mochila ou nos armarios. Deixar todo recollido á hora de marchar para facilitar a limpeza.
- Non se pode ir ao servizo durante as clases sen permiso do profesorado.
- Durante os cambios preparar o material para a seguinte materia e permanecer cunha actitude correcta.
- Non saír da aula sen permiso dun profesor (incluso no cambio de clase).
- As ventás e persianas só se poderán abrir con permiso dun profesor e durante a súa presenza.
- ***En ningún caso o alumnado poderá asomarse polas xanelas abertas.**
- Para cambiar de aula hai que seguir o camiño indicado polo profesor correspondente.
- Non se pode acceder a un aula na que **non** se ten que recibir clase.
- Non se permiten o emprego de altofalantes e auriculares sen autorización do profesorado, e só por motivos pedagóxicos.

3. Material:

- Usar as papeleiras.
- Respetar o material sanitario e hixiénico dos servizos.
- Responsabilizarse do coidado do pupitre e da cadeira recibida ao inicio de curso. Deixalo nas mesmas condicións que cando se recibiu.
- Non se pode comer dentro da aula.
- Non se permite traer material aos alumnos desde casa durante a xornada escolar.
- Non se permite coller material doutros compañeiros, da mesma clase ou doutras: libros, roupa deportiva, dicionarios, regras....

4. Teléfonos móbiles:

En virtude da orde do 4 de xaneiro de 2024 da Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso de teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos:

- Está prohibido o uso de móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismos de comunicación, en todo o centro escolar, para todo o alumnado, de 8:00h a 16:30h.
- Esta prohibición afecta tamén ás saídas culturais e convivencias de espiritualidade, por seren consideradas actividades complementarias dentro da xornada escolar.
- Igualmente, establécese a prohibición no espazo da biblioteca escolar ata o seu peche ás 18:00h.
- Todos os alumnos de 1ºESO, 2ºESO, 3ºESO e 4ºESO deben deixar o seu teléfono móbil apagado no seu casilleiro (taquilla) durante toda a xornada escolar. No caso de Bacharelato e FP, o teléfono

móbil deberá permanecer gardado e apagado en todo momento.

- Non se poderá empregar o móbil para outros fins: escoitar música, xogar ou conectarse a internet, como cámara de vídeo, para consultar o reloxo, para facer fotos...
- O alumnado non poderá escoitar música na clase co seu iPad/móbil. A alternativa poderá ser que o profesorado poña a música desde o ordenador de aula, se así o decide, nalgún momento da tarefa persoal do alumnado.
- **Medidas correctivas Teléfonos móbiles:**
1º infracción: Advertencia. Requisarase o móbil e o Xefe de Estudos entregárallo ao final da xornada lectiva. O Xefe de Estudos enviará comunicado á familia.
2º infracción: Advertencia. Requisarase o móbil e aplicarase a lexislación vixente. O Xefe de Estudos gardarao e só o devolverá ás familias.

5. Outros aparellos electrónicos,

- Non se permiten o emprego de altosfalantes e auriculares nos patios.
- Non se permite o emprego de videoconsolas.
- Medida correctiva: requirase e aplicarase a lexislación vixente: entrégase ao Director ou o Xefe de Estudos, que só o devolve aos pais.
- Non se permite conectarse con aparatos persoais ao wifi do colexio; o centro non facilita ao alumnado as claves de acceso.

6. Vestimenta:

- **Uniforme.**
Na ESO é obrigatorio. No Bacharelato é opcional

UNIFORME		
Inferior	Pantalón longo azul mariño Pantalón curto azul mariño Calcetín azul	Saia Calzas, Medias ou leotardo azul mariño
Superior (elixir unha opción)	Polo branco con suadoiro do chándal gris Polo branco con xerse ou chaqueta de punto Polo "rugby"	
Calzado	Colexial ou náutico en cor azul mariño ou negra	

UNIFORME DEPORTIVO	
Obrigatorias	Camiseta manga curta (en competicións deportivas internas usarase unha de cada cor) Pantalón curto unisex ou malla algodón feminina Calcetín branco Calzado deportivo

Optativas	Pantalón azul longo de chándal Suadoiro gris
------------------	---

Normas de vestimenta:

- Toda a roupa e o calzado debe estar marcado co nome do alumno/a.
- O alumnado debe asistir ao Centro axeitadamente aseado e vestido.
- O uniforme é obrigatorio na ESO; os alumnos de Bacharelato que o usen deben seguir as normas.
- Educación Física: uniforme de Educación Física é obrigatorio na ESO, e recomendable en 1º Bacharelato.
- Traer o material necesario para ducharse despois das clases de EF.
- Se a clase é a última hora os alumnos poden marchar coa roupa de EF posta.
- Se a clase é a primeira ou segunda hora pódese vir coa roupa de EF. Logo poñerase o uniforme.
- Se o alumno esquece o uniforme escolar na casa esperará en recepción a que llo traian.

Prendas de abrigo:

- Por riba do polo branco sempre ten que ir o xersei ou suadoiro do uniforme.
- Por enriba do xersei ou suadoiro do uniforme só se poderá usar unha cazadora.
- Non se permitirán chaquetas ou suadoiros substituíndo algunha prenda do uniforme.
- Non se permiten prendas que cubran a cabeza dentro das instalacións colexiais, salvo por cuestións de saúde. O día das festas colexiais do Fundador estarán permitidas as gorras nas zonas de patios.

En Bacharelato e FP:

- Non se permiten prendas excesivamente informais ou non axeitadas para o labor a desempeñar nun centro docente. Incluídos os días nos que se realizan os exames.
- Permítese pantalón curto de vestir. Non se permite pantalón curto deportivo.

Días que se pode asistir sen uniforme:

- Día da Presentación/(1ºESO)/ Último día de clase en xuño.
- Festas colexiais: Nadal-Fundadores.
- Saídas convivenciais e outras autorizadas polo Equipo Directivo.
- Saída pista de xeo.

7. Entrada e Saída

- O alumnado deberá permanecer no centro durante o horario lectivo, agás autorización da dirección do centro.
- O alumnado non pode cambiar os hábitos de entrada ou saída sen ter permiso das familias ou titores legais; de ter que facelo a familia informará ao xefe de estudos por escrito.
- Estará habilitada unha aula de estudo supervisada dende as 16:15 até as 18:00 horas para o alumnado que o precise. As familias de 1º, 2º e 3º da ESO informarán ao centro a través do formulario de Dirección.

8. Ausencias e retrasos. Puntualidade

- alumnado que entra ou sae do centro fóra do horario habitual ten a obriga de pasar por Recepción.
- alumnado debe baixar a recepción sen que teñan que avisalo por megafonía.

Tipos de ausencias e Xustificacións:

Ausencia de centro	Ausencia de materia	Retraso
Faltar todo o día. Reflictese no boletín de notas.	Faltar nunha clase ou en varias. Non aparecen contabilizadas no boletín de notas	Chegar tarde ao Amencer ou aos dez primeiros minutos da 1ª clase. Non aparecen contabilizados no boletín de notas. Só debe darse o retraso por causa de forza maior allea ao alumnado.

ENTRADA durante a xornada escolar/Ausencia total do centro	
LA FAMILIA DEBE:	Enviar xustificación ao titor mediante notificación escrita, por adiantado No caso de ausencia non prevista, chamar para xustificar a falta á recepción do colexio o mesmo día canto antes.

9. Obxectos perdidos e obxectos substraídos

- Os obxectos perdidos están depositados en recepción. No mes de xullo son doados.+
- O centro non se responsabiliza da perda ou substracción dos materiais persoais do alumno.

10. Vehículos:

- O transporte escolar sempre ten preferencia.
- Non está permitido o acceso de vehículos particulares ao centro en horario de entrada (8:00 h a 8:30h) e saída (15:30 h a 16:30 h).
- Non hai aparcadoiro vixiado. O colexio non se responsabiliza dos roubos ou danos sufridos.

11. Temas relacionados coa saúde do alumnado:

- O Centro non suministra ningún tipo de medicación.
- As familias indicarán na folla de matriculación, o ao director, se o alumno padece algunha enfermidade que o colexio deba coñecer ou algunha alerxia alimentaria.

12. Acceso das persoas que non son alumnado ou persoal do centro:

- Toda persoa que non sexa alumnado ou persoal debe entrar pola porta que dá a recepción e

identificarse alí mesmo.

- Non se permiten as visitas de amigos dos alumnos.
- Os antigos alumnos só poderán desprazarse polas instalacións para ver aos seus compañeiros na hora do recreo (10,25-10,50) ou na hora libre se non hai clases ou actividades.

13. Ideas Xerais:

- Todo o Plan ríxese segundo o procedemento corrector das condutas contrarias ás normas de convivencia, adaptado ás leis 39/2015 e 40/2015.
- O Plan apoiarase nos seguintes protocolos de actuación da Xunta de Galicia.
 - Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
 - Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.

14. Protocolos específicos:

COMEDOR:

As responsables do comedor comunicarán ao xefe de estudos aquelas actitudes e comportamentos contrarios á convivencia no centro. Consideraranse advertencias/faltas de convivencia e rexistraranse no One Note.

- Faltar ao respecto ao persoal do comedor e compañeiros.
- Disrupcións no comedor: estropear a comida, molestar.
- Tirar pan ou líquidos.
- Tirar comida ao chan.
- Saír do comedor con comida.
- Colarse na fila.
- Non obedecer as indicacións do persoal que atende e coida o comedor.

TABACO:

- Está prohibido fumar en todo o recinto escolar sempre. (Lei 5/2002, do 27 de xuño). Isto inclúe o tabaco e produtos relacionados co tabaco, así como de calquera outro produto que os imite, induza a fumar ou simule a conduta de fumar.
 - Se algún alumno o alumna fumase no centro, aplicarase o decreto 8/2015 coa súa correspondente medida correctora recollida na lei.
 - Ampliación da prohibición, según a [LEI 6/2025](#), do 23 de decembro, de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas:
 - *Queda prohibido o consumo e a publicidade dos produtos de tabaco nun radio de 50 metros nas zonas de acceso aos Centros docentes e formativos.*
- Polo tanto, tamén queda prohibido fumar nun radio de 50 metros nas zonas de acceso ao colexio.

15. CLÁUSULA VIAXES E SAIDAS CON Pernocta:

- Cando o alumno/a tivo, a partir da publicación deste plan de convivencia do curso 25-26:
 - 10 advertencias e/ou 2 faltas leves directas para viaxes da 1ª e 2ª avaliación.
 - 15 advertencias e/ou 2 faltas leves directas para viaxes da 3ª avaliación
 - Ou un expediente disciplinario.

Perde o dereito para participar da viaxe ou saída con pernocta. Perde tamén o dereito a devolución dos importes abonados sempre que a axencia de viaxes demostre de maneira fidedigna que eses gastos de cancelación non son reembolsables nin recuperables. En caso de atopar un alumno substituto para minorar os gastos, a axencia facilitará devandito cambio sempre que sexa posible e viable por parte dos provedores. Estas cuestións económicas tramitaranse directamente coa axencia de viaxes, que é a que xestiona os pagos da actividade, e non co centro escolar.

Esta medida irá acompañada dun informe do equipo de convivencia do colexio no que se avaliará a conveniencia da súa participación en dita actividade.

- A inscrición á viaxe ou saída con pernocta implica a aceptación desta cláusula por parte do alumnado e a súa familia.

REGISTRO DE ADVERTENCIAS E FALTAS LEVES.

Responsables do seguimento: **Equipo de convivencia y Xefatura de Estudos.**

Comunicación ás familias e reiteración de advertencias.

REGISTRO DE ADVERTENCIAS:

- **Profesorado** rexistra a advertencia a través da plataforma de comunicación coas familias.
- Crearanse novos tipos de advertencias segundo as necesidades por parte do profesorado. Terán que ser aprobadas polo equipo de Convivencia. O profesorado notificará, vía plataforma, ao coordinador sobre a nova proposta de falta.
- **O profesorado reflexiona co alumno/a e anota a advertencia ao longo dese día.**
- **Ao chegar a 5 advertencias considerarase unha falta leve. O equipo de convivencia valorará a necesidade da adopción dunha medida correctora a maiores. Unha vez decidida dita medida, o Xefe de Estudos informará á familia ao respecto a través da plataforma colexial.**

REGISTRO DE FALTAS LEVES:

- As faltas leves serán rexistradas na plataforma de comunicación coas familias por parte do Xefe de Estudos.

- Será o Xefe de estudos quen comunique a falta leve ás familias, e a súa medida correctiva.
- EQUIPO DE CONVIVENCIA: estuda o caso e se determinan as medidas correctivas.

REXISTRO DE FALTAS GRAVES:

- **Registro levado por Xefatura de Estudos.**
- EQUIPO DE CONVIVENCIA: estuda o caso e se determinan as medidas correctivas.
- Posibilidade de apertura de expediente disciplinario.

10. Mediación

O curso 23-24 incorporamos a mediación coma un instrumento de resolución dos conflitos e de mellora da convivencia escolar. Trátase de que o alumnado participe activamente a favor da mellora da convivencia, facendo ao propio alumnado protagonistas dos seus propios problemas convivenciales, formando parte da solución.

Por todo isto, neste curso 25-26 potenciarase o proxecto de mediación e a formación de novo alumnado mediador, con toda unha serie de formacións e un calendario anual propio para que a mediación chegue a todos os recunchos do colexio.

ANEXOS:

ANEXO I: Listado de protocolos a utilizar sempre e cando sexa preciso:

- Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Protocolo de Urgencias sanitarias e enfermidade crónica.
- Protocolo de prevención detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade da identidade dexénero.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.

ANEXO II: CADRO RESUMO ADVERTENCIAS Y FALTAS

TIPOLOXÍA	MEDIDAS CORRECTORAS
<p>TIPOS DE ADVERTENCIAS</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Condutas disruptivas que dificultan o labor docente e/ou aprendizaxe dos seus compañeiros/as 2. Condutas que dificultan a convivencia no patio e zonas comúns. 3. Condutas inapropiadas no comedor escolar, incluíndo sacar a comida. 4. Disrupcións no transporte escolar (saídas) 5. Faltas ou chegar tarde ás clases sen xustificación. 6. Incumprimento leve das normas do centro sobre vestimenta e imaxe persoal. 7. Uso do teléfono móbil. 8. Uso indebido do Ipad ou ordenador. 9. Traer ao centro escolar obxectos non permitidos. 10. Desobedecer ao profesorado ou persoa responsable en calquera espazo do centro. 11. Ir sen permiso aos aseos durante a clase ou os intercambios. 12. Causar pequenos desperfectos no mobiliario ou instalacións do centro. 13. Causar pequenos desperfectos no material escolar alleo. 14. Comportamento disruptivo nos vestiarios deportivos, patios ou comedor. 15. Comer nas aulas sen autorización. 16. Entrar en espazos reservados a outros membros da comunidade educativa sen permiso. 17. Dirixirse ao educador de xeito inadecuado. 18. Expresarse con xestos ou palabras soeces. 19. Estar fóra da zona permitida no patio. 20. A incitación ou estímulo a cometer accións contrarias ás normas. 21. Uso doutros aparellos electrónicos non autorizados (altofalantes, cascos, consolas...) 22. Conduta inapropiada na aula durante os intercambios. 23. Coller cousas a un compañeiro sen permiso. 24. Retraso ou ausencia ao comedor de xeito reiterado sen xustificación. 25. Mostras de cariño inadecuadas para un centro escolar. 26. Actos de desprezo a un compañeiro/a. 27. Acumulación de cinco retrasos ao momento do amencer sen causa xustificada pola familia. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Reflexión co alumno/a por parte do profesorado. 2. Comunicación do profesor/a ao titor/a e á familia vía plataforma. 3. Disculpase ante os interesados en privado: presentación de excusas e o recoñecemento da responsabilidade nos actos. 4. Retíraselle temporalmente os obxectos causa das molestias ou distraccións... 5. Facerse cargo do custo económico do dano causado. 6. Retíraselle temporalmente o Ipad ou ordenador. <p>A acumulación de cinco advertencias implicará unha falta leve.</p>
<p>FALTAS LEVES</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Reiteración de cinco advertencias. 2. Falta de asistencia ao centro non xustificada. 3. Ausentarse da clase sen autorización. 4. Fumar no recinto escolar ou en actividades organizadas polo centro. 5. Uso de dispositivos para Gravación (imaxes ou vídeo) non autorizada. 6. Substraer material 7. Ameazar ou intimidar a compañeiros no centro ou en actividades organizadas polo centro, ou incitar a iso. 8. Conduta pasiva e ocultamento de situacións graves: silencio cómplice. 	<p>MEDIDAS CORRECTORAS A PARTIR DAS FALTAS LEVES</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Disculpase ante os interesados: o recoñecemento da responsabilidade nos actos, ben en público ou ben en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos. 2. Reflexiónase co alumno 3. Amonestación verbal privada. 4. Amonestación verbal pública. 5. Infórmase aos padres. 6. Entrevista cos pais ou titores. 7. Infórmase á dirección.

9. Mentir ante un feito grave.
10. Actos de menosprezo, desconsideración ou ofensas graves cara compañeiros. (Calquera medio: palabra, escrito, móbil, correo, redes sociais...)
11. Actos de indisciplina, menosprezo, desconsideración... contra membros da Comunidade Educativa.
12. Agresión física a un compañeiro.
13. Agresión moral ou discriminación a un compañeiro
14. Levar prendas de vestir ou material escolar con lendas, signos ou símbolos racistas, irrespetuosos, violentos...
15. Danos graves causados por un uso indebido nas instalación ou pertenzas de persoas ou institución relacionadas co centro.
16. Danos graves causados intencionadamente nas instalación ou pertenzas de persoas ou institución relacionadas co centro.
17. Entrar / permanecer en espazos reservados a outros membros da comunidade educativa.
18. A incitación ou o estímulo á comisión de faltas graves contrarias ás normas de conduta.
19. Actos de vandalismo no recinto escolar.
20. Posesión de navallas, obxectos punzantes, puños americanos, etc. no centro ou en actividades organizadas polo centro.
21. Apropriarse de traballos académicos alleos.
22. Posesión no centro de revistas, xogos, etc. que exhiben, exaltan ou fomentan a pornografía, violencia, xenofobia, discriminación...
23. Aquelas que se califiquen como tales pola lexislación vixente.

8. Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
9. Realización de traballos específicos en horario lectivo.
10. Realización de traballos específicos no Centro fóra da xornada escolar.
11. Retíranselle temporalmente os obxectos causa das molestias ou distraccións....
12. Realización de tarefas dirixidas a reparar o dano causado.
13. Restitución dos obxectos substraídos ou esnaquizados.
14. Facerse cargo do custo económico do dano causado.
15. Prohibición temporal de permanecer no recinto escolar unha vez terminadas nas clases.
16. Suspensión temporal breve da utilización dos equipamentos informáticos do centro.
17. Privación do tempo de recreo.
18. Permanencia no centro de 16,15 - 18,00 horas.
19. Expulsión temporal da sesión de clase.
20. Expulsión do Centro por un día lectivo
21. Suspensión do dereito de asistencia a clase por un día, permanecendo no centro.
22. Expulsión do Centro por dous días lectivos.
23. Suspensión do dereito de asistencia a clase por dous días, permanecendo no centro.
24. Expulsión do centro por tres días lectivos.
25. Suspensión do dereito de asistencia a clase por tres días, permanecendo no centro.
26. Suspensión da participación nas actividades complementarias
27. Suspensión da participación en todas as actividades realizadas polo centro.
28. Derívase o caso a Servizos Sociais.
29. Derívase o caso ao Equipo de Orientación Específico.
30. Recoméndase a apertura do Protocolo de Acoso
31. Recoméndase a apertura do Protocolo de absentismo
32. Recoméndase a apertura do Expediente disciplinario.
33. Aquelas que se califiquen como tales pola lexislación vixente

FALTAS GRAVES	MEDIDAS CORRECTORAS A PARTIR DAS FALTAS GRAVES
<ol style="list-style-type: none"> 1. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa. 2. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. 3. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave. 4. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa (LPOD). 5. As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011. 6. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos. 7. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción. 8. Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar. 9. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas. 10. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado. 11. Difusión ou uso indebido da gravación de voz ou captación de imaxes de compañeiros, profesorado ou PAS sen a autorización correspondente ou de obxectos pertencentes á súa intimidade. 12. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia. 13. Falsificación o sustracción de documentos académicos. 14. O incumprimento das sancións impostas. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro. 2. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes. 3. Cambio de grupo. 4. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. 5. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. 6. Cambio de centro (carácter excepcional). <p>Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro que aparece no Decreto 8/2015.</p>

ANEXO

No tramo non concertado (Bacharelato) as medidas correctoras estarán ditaminadas polo equipo Directivo nas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia escolar.

ANEXO III: MAPAS E ESPAZOS COLEXIAIS POR CURSOS E CORES:


COLEGIO MARISTAS CRISTO REY. A CORUÑA
PLANTA DE CONJUNTO. ESTADO ACTUAL

0 25 50 75 100 M



- EXCLUSIVO 1º ESO
- EXCLUSIVO 2º ESO
- EXCLUSIVO 3º ESO
- EXCLUSIVO 4º ESO
- EXCLUSIVO 1º BAC
- EXCLUSIVO 2º BAC

**ZONAS
PATIOS**



COLEGIO MARISTAS CRISTO REY. A CORUÑA

PLANTA DE CONJUNTO. ESTADO ACTUAL

0 25 50 75 100
E M




**1º ESO
PATIOS**



COLEGIO MARISTAS CRISTO REY. A CORUÑA

PLANTA DE CONJUNTO. ESTADO ACTUAL




2º ESO
PATIOS



COLEGIO MARISTAS CRISTO REY. A CORUÑA

PLANTA DE CONJUNTO. ESTADO ACTUAL




3º ESO
PATIOS



COLEGIO MARISTAS CRISTO REY. A CORUÑA


PLANTA DE CONJUNTO. ESTADO ACTUAL



4º ESO
PATIOS



COLEGIO MARISTAS CRISTO REY. A CORUÑA
PLANTA DE CONJUNTO. ESTADO ACTUAL





1º BACH
PATIOS



COLEGIO MARISTAS CRISTO REY. A CORUÑA

PLANTA DE CONJUNTO. ESTADO ACTUAL



2º BACH
PATIOS